

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os servizos prestados de forma electrónica, informática e telemática na Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.*

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, regula o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e pretende, entre outras finalidades, facilitar o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes por medios electrónicos, así como facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo.

Esta lei reconece o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos e regula aspectos básicos das tecnoloxías da información para garantir os seus dereitos, un tratamento común ante elas e a validez e eficacia da actividade administrativa en condicións de seguridade xurídica.

O marco xurídico da sinatura electrónica vén determinado pola Lei 59/2003. No artigo 3 desta lei defínese a sinatura electrónica avanzada como aquela que permite identificar o asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vencellada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control. Considérase sinatura electrónica recoñecida a sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura.

As tecnoloxías da información deben asegurar a dispoñibilidade, o acceso, a integridade, a autenticidade, a confidencialidade e a conservación dos datos, informacións e servizos que xestionen no exercicio das súas competencias.

En consecuencia, e co obxecto de alcanzar estas metas, no uso das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 22 de outubro,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

A sede electrónica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde será accesible a través dos enderezos electrónicos [www.sergas.es](http://www.sergas.es) e [\[ciasaude.es\]\(http://ciasaude.es\) \(estarán tamén accesibles a través doutras extensións como “.org.es”, sempre baixo o mesmo nome raíz de dominio\). Esta sede dispón de sistemas que garanten o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan necesarias.](http://www.gali-</a></p></div><div data-bbox=)

##### Artigo 2º.-Tipos de acceso e os seus requisitos.

En función do carácter da información a que se accede e das características dos servizos que se presten, e sempre conforme o disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, os servizos prestados de forma electrónica, informática e telemática clasifícanse segundo catro tipos diferentes de requisitos de acceso:

-Servizos accesibles sen necesidade de autenticación.

-Servizos para cuxo acceso sexa necesario un usuario e un contrasinal numérico ou alfanumérico.

-Servizos con requisitos de sinatura electrónica avanzada ou recoñecida.

-Servizos de difusión de información con subscripción previa.

##### Artigo 3º

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde recoñecerán os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao DNI electrónico e os certificados electrónicos emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM). A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde considerarán o recoñecemento no futuro de certificados doutras entidades prestadoras de servizos de sinatura dixital, existindo sempre na sede electrónica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde unha listaxe de todos os tipos de certificados recoñecidos por ela.

##### Artigo 4º

Os requisitos de acceso aplicables de acordo co disposto no artigo 2º desta orde incluíranse na sede electrónica, detallando as características dos servizos ofertados para os cidadáns, profesionais e empresas.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2008.

María José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Secretaría Xeral  
Subdirección Xeral de Información  
e de Servizos Tecnolóxicos



**SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE**

<u>SOLICITUDE DE SUBSCRICIÓN A SERVIZOS ELECTRÓNICOS</u>	
DATOS DO SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS:	
DNI:	
Nº TARXETA SANITARIA:	
TELÉFONO MÓBIL	
Outros: correo electrónico, etc.	

<u>SERVIZOS PARA OS QUE SOLICITA ACCESO</u>	
	<u>DETALLE DO SERVIZO</u>
<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	

OBSERVACIÓNS

------------------

SINATURA DO SOLICITANTE
Asdo.:

**NOTAS:**

O usuario solicita de forma voluntaria o acceso aos servizos electrónicos indicados.

O usuario autoriza expresamente a que a Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde realice notificacións de avisos a través dos medios de contacto facilitados, sempre e cando o servizo solicitado así o requira, así como avisos publicitarios autorizados pola Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

O asinante autoriza a cesión dos datos de contacto a terceiros ou a encargados do tratamento que autorice a Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde para a consecución dos fins establecidos na epígrafe anterior, que se obrigarán a dedicalos en exclusiva para a finalidade para a que se ceden.

O acceso aos servizos prestados son gratuítos para o solicitante.

A notificación de avisos por algún dos servizos electrónicos é un medio complementario que non substitúe os medios tradicionais. A recepción errónea ou a non recepción ou lectura carecerá de efectos xurídicos nos respectivos procedementos. A Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde non se fai responsable das consecuencias xurídicas derivadas da non recepción ou recepción incorrecta destas mensaxes.

O usuario acepta expresamente a validez da sinatura electrónica avanzada tanto no referente á realización desta solicitude, como no referente ao acceso aos servizos que; segundo se explica na sede electrónica da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde; requiran de sinatura electrónica.

Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal. Artigo 10.-O responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional respecto deles e ao deber de gardalos, obrigas que subsistirán aínda despois de rematar as súas relacións co titular do ficheiro ou, de ser o caso, co seu responsable."

De acordo ao previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase que os datos incluídos nesta solicitude serán rexistrados no ficheiro automatizado "Usuarios e profesionais do sistema sanitario", responsabilidade da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde, para a xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, non estando prevista ningunha cesión de devanditos datos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderán ser realizados nos termos previstos na citada lei.